

O MEU CAN, A MIÑA MASCOTA




O meu can chámase Robin, pertence a raza "Bodeguero Andaluz" que se especializa por ser unha raza de caza. Esta raza canina ten a súa orixe na Andalucía oriental, máis concretamente na provincia de Cádiz e na cidade de Xerez, onde era utilizado para a caza de ratos entre as barricas. De esta habilidade venlle o seu actual nome. Esta raza creouse a finais do século XVIII, cando nesta cidade andaluza comenzáronse a cruzar os cans de raza Terriers que acompañaban aos ingleses, grandes amantes dos viños de Xerez, cos pequenos cans que se utilizaban nas bodegas e cortijos* para cazar os ratos.

Entre as súas principais características están o seu pequeno tamaño, cando é adulto entre 35-45 cm á cruz; o seu peso pode oscilar entre os 7-8 kilos; o seu pelo é curto e liso, de cor branco con manchas negras e marróns.

Ten un carácter alegre e xoguetón, é moi cariñoso, simpático e Valente. Robin é un can moi atlético, con fortes patas para poder correr e saltar; é moi activo, nervioso e inquieto, a súa mirada é moi expresiva e sempre está disposto a perseguir a súa presa, xa que esta raza de cans ten un instinto de caza moi marcado.

A principal tarefa de Robin, aparte de facer compañía, é atrapar os ratos nas cuadras de cabalos donde vive. Fíxose amigo de todos eles, entra nas súas

cuadras, anda entre as súas patas pero sempre o respetan. Para recoñecerse úlense entre eles, sacan as linguas e as veces ata parecen que se dan bicos.



Robin, como calquera animal de compañía ou mascota, necesita uns cuidados: unha alimentación equilibrada, visitas frecuentes ao veterinario para vacinar ou desparasitar, aseo da pel, exercicio físico a diario, un sitio espacioso donde vivir...

No caso de ter un can desta raza, os paseos diarios serán necesarios pero non suficientes para liberar toda a súa enerxía. Esta raza necesita moita actividade, e de varios tipos para non aburrirse. Unha opción é levalo a facer Agility. Sabes que é?

Mira con atención o vídeo e saíras de dúbidas.

<https://youtu.be/OzfQEmd9rW4>

*Cortijo: casa de labranza típica de Andalucía.



1. Pensa, investiga e busca cinco nomes de razas de cans e indica cales son as súas principais funcións: a caza, o pastoreo, búsqueda de trufas, cans lazarillo, a compañía, etc. Hai moitos!

- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____

2. Cal é a orixe da raza Bodeguero Andaluz? Explícao.

3. Completa con (V) verdadeiro ou (F) falso as seguintes afirmacións.

A finalidade do texto é...

- ...aconsellar sobre o coidado dos animais. _____
- ...convencer dos beneficios de ter unha mascota. _____
- ...facer publicidade dunha clínica veterinaria. _____
- ...explicar as orixes e características do Bodeguero andaluz. _____

4. (C.C.S.S.) No texto nómbrense "os cortijos andaluces", pero hai outras Comunidades Autónomas que tamén teñen casas típicas. **Une** cada Comunidade coa súa casa.

Barraca
Pazo
Casa de indianos
Masía
Caserío

Asturias
Cataluña
Galicia
C. Valenciana
País Vasco

- Consulta o mapa das provincias de España e enumera por orden alfabético todas as provincias da comunidade andaluza.

5. (Matemáticas) No texto figura o número romano **XVIII** representando o século no que se data os inicios desta raza. Repasemos, pois os números romanos.

(1= I; 5= V; 10= X; 50= L; 100=C; 500=D; 1.000=M)

Pasa a números romanos:

7= _____ 13= _____ 15= _____ 19= _____ 28= _____

35= _____ 40= _____ 46= _____ 59= _____

72= _____ 90= _____ 113= _____ 320= _____

410= _____ 530= _____ 605= _____ 750= _____

- Pasa a metros e milímetros os 45 cm que pode chegar a medir o can Bodeguero Andaluz.

45cm = _____ mm 45cm = _____ m

